



O INSTITUTO DE ESTUDOS CHAIREGOS ORGANIZA OS
ACTOS DA CULTURA CHAIREGA'2025
HOMENAXE A MANUEL MARÍA
NO XXI CABODANO



DOMINGO 7 DE SETEMBRO DE 2025 - 11:30 HORAS
OFRENDA, RECITADO E MÚSICA DE CARLOS GÓMEZ OSA
NO ESPAZO MANUEL MARÍA
SÁBADO 13 DE SETEMBRO DE 2025 - 20:00 HORAS
CONCERTO DE CRIS ROMÁN NO AUDITORIO MUNICIPAL



Coma todos os anos por estas datas, o Instituto de Estudos Chairegos, coa colaboración da Área de Cultura-Vicepresidencia da Deputación de Lugo, organiza os **ACTOS DA CULTURA CHAIREGA**, en homenaxe a **MANUEL MARÍA**, coincidindo neste 2025 co seu **XXI CABODANO**.

PROGRAMA

- **DOMINGO 7 DE SETEMBRO – ÁS 11:30 HORAS**

NO ESPAZO MANUEL MARÍA (Entrada de balde).

Terá lugar unha ofrenda floral ao pé da súa escultura, así como un recital poético popular, aberto a toda a xente que queira participar con poesías, cancións ou calquera outro texto relacionado co gran poeta chairego.

O apartado musical correrá a cargo de **CARLOS GÓMEZ OSA**.

- **SÁBADO 13 DE SETEMBRO – ÁS 20:00 HORAS**

NO AUDITORIO MUNICIPAL (Entrada de balde. Haberá que facer a correspondente reserva ben na páxina web do Concello, ben na Casa da Cultura de Vilalba).

Terá lugar o concerto de **CRIS ROMÁN**.

Cris Román.- “A compositora e cantante Cris Román, comezou a súa andaina musical co grupo de Rock Areavasta. En 2014 decide comezar a súa aventura en solitario e en abril de 2016 siu á luz o disco autoproducido *A Cuentagotas*.

Profesora da USC, Cris Román, reparte o seu tempo entre a investigación e a docencia e a súa paixón pola música. Unha autora comprometida, con alma de roqueira baixo un antifaz de pop aterciopelado. Acompañada dunha banda de grandes músicos como Alexandre Fontán aos teclados; Fran Alonso ao contrabaixo; Alexis Iglesias na guitarra; e Javier Romo na percusión. Entre as súas cancións pódese atopar un amplo abano de estilos dende blues, swing, country, e música de autor, con cancións en inglés, castelán e galego”.

